




# PENA TREVINCA

## desde Fonte da Cova

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Fonte da Cova ás louseiras: 4,5 km  
(pódese facer en coche), louseiras-Pena Trevinca:  
8,5 km, lineal.

Dificultade: media-baixa

Duración: 7 horas



Pena Trevinca



Detalle do teixidal desde o Lombo da Cabrita.



*Fritillaria nervosa*

Unha ruta para chegar ao cume máis alto de Galicia, Pena Trevinca (2.127 m) que discorre pola fronteira entre Galicia e Castela-León. En todo o percorrido podemos gozar de impresionantes paisaxes con vales glaciares (Tera), lagoas (A Baña), nacementos de ríos, fragas (teixidal de Casaio). A cada paso atoparemos plantas e animais propios da alta montaña, entre elas algunhas especies endémicas. Recoméndase facela a finais da primavera para sumarlle a todo o anterior a maior variedade e cantidade de formas e cores.

### COMO CHEGAR:

Desde Casaio cóllese a estrada á Baña, e xusto na fronteira con Castela-León atópase o refuxio de Fonte da Cova, desde o que parte a ruta. A primeira parte vai por unha pista de terra ata as Louseiras e pódese facer en coche. Logo séguese a pé. Desde o alto da Cabrita sae a ruta que vai ao Teixidal.



Femia de lagarta rabuda  
(*Iberolacerta galani*),  
un endemismo  
do Macizo de Trevinca  
recentemente descrito.





Lagoas da Baña e O Picón.



Lagoa da Serpe nas nacentes do rego de San Xil.



Neveiros entre pena Negra e Trevinca.



Val glaciar polo que discorre o río Tera, desde o cumo de Trevinca



Vista desde o camiño de Fonte da Cova. Á esquerda Pena Surbia e á dereita Pena Negra. Entre elas, máis atrás, Pena Trevinca.